

# A REPARACIÓN DA IGREXA E CORO DE SAN MIGUEL DE BREAMO POLOS IRMÁNS LEAL EN 1661

Íñigo Fernández Pérez

## INTRODUCCIÓN

Este traballo baséase nun protocolo notarial do Arquivo Xeral de Protocolos (A.X.P) do Ilmo. Colexio Notarial da Coruña<sup>1</sup>. Trátase dun documento no cal Sebastián Vázquez, veciño do couto de Breamo e arrendatario da igrexa de San Miguel de Breamo, e o licenciado Tomé Gómez Villanueva, vicerrector da dita igrexa e tamén da de San Pedro de Vilar, contratan os mestres de carpintería Tomé y Alonso Leal o 19 de setembro de 1661.

O obxectivo era reconstruír gran parte da igrexa e coro de San Miguel de Breamo, que presentaba un aspecto dantesco, xa que *"estaba mal reparada, y caído y arruinado y sin puertas"*<sup>2</sup>.

A igrexa de San Miguel de Breamo está situada na parroquia do mesmo nome, pertencente ó municipio de Pontedeume (A Coruña), arciprestado de Pruzos e diocese de Santiago de Compostela. Está no alto do monte Breamo, a 305 metros de altitude. É unha igrexa parroquial, de estilo románico, do ano 1187, segundo unha inscrición da fachada. O investigador Carlos de Castro encontrou no Arquivo da Real Academia Galega (A.R.A.G) unha copia dunha carta de 1234 (AD, d.I) que o papa Gregorio IX enviou a Juan Miguel, arcediogo de Abeancos e a Juan Pedro, cónegos lucences, para que actuaran como xuíces no preito que o mosteiro de Sobrado mantiña co de Breamo por certos bens de Mendres, sitios en Nogueirosa<sup>3</sup>: é o documento máis antigo que se coñece do mosteiro de Breamo e está arquivado co número 43, letra N. Ten planta de cruz latina e unha nave central cortada por outra transversal, onde nacen tres ábsidas semicirculares.

## PROLEGÓMENOS DA OBRA

Foron un tanto longos, co cal podemos afirmar que os trámites se iniciaran bastante tempo antes da data deste documento. O licenciado Tomé Gómez inspeccionou a igrexa, e, en vista do seu estado, acudiu xunto con varios veciños perante o xuíz eclesiástico do arcebispado de Santiago,

---

1. A.X.P. Protocolo de Luis Rodríguez Armesto, ano 1661, fondo de Pontedeume

2. Idem, fol. 127r.

3. DE CASTRO, Carlos: " En torno al real priorato de San Miguel de Breamo y a su iglesia", en *Cátedra*, nº 2, 1995, pp. 119-120.

única persoa que podía autorizar as obras, e solicitouse tamén que todo se financiase coas rendas do priorado de Breamo, das cales Sebastián Vázquez tomaría o necesario para a reparación. Como resposta, o xuíz eclesiástico ordena taxar a futura obra a dous "*alarifes de cantaria y carpinteria*"<sup>4</sup>, para o que Sebastián Vázquez elixe o mestre de carpintería Tomé Leal e o canteiro Juan Martínez, "*vecinos desta dicha vila*"<sup>5</sup>, é dicir, veciños de Pontedeume. Ambos a valoran en mil oitocentos cincuenta reais. Remítase a taxación ó xuíz eclesiástico, que despacha un mandado agravando as censuras a Sebastián Vázquez como arrendatario, para que este pague os mil oitocentos reais. Sen embargo non o fai así, e parálizanse os trámites. O vicerrector Tomé Gómez crava unha cédula en lugar público "*por ver si auia alguna persona que baxase dicha obra en menos cantidad de lo que questaba (sic) tasado*"<sup>6</sup>, pero "*aunque se auia echo notorio a diferentes personas de dicho oficio y arte, no auia parecido ninguno que la pusiese en menos, antes la subian en mas*". Finalmente, "*los dichos Tome Leal, Alonso Leal y Josefe de la Iglesia tomaban y tomaron la dicha obra y fabrica della en si a toda costa por la dicha cantidad de mill y ochocientos y cinquenta reales en que entra la cantaria, carpinteria, texa, clabación, madera e portas e todo lo demas necesario para dicha obra*"<sup>8</sup>.

## AS CONDICIÓN DO CONTRATO DE REFORMA

Comeza polas tres portas da igrexa, "*Primeramente, la puerta prencipal de dicha iglesia, toda de nuevo con su ferraxe, e tras dos puertas mas pequeñas questan de fruenta a fruenta la una a otra de dicha iglesia*"<sup>9</sup>. Refírese á porta principal, ós pés da nave e ás dúas portas laterais, unha a cada lado do cruceiro. A ferraxe da porta principal son os cravos que teñen os bordos e no pecho. É unha mágoa que non haxa máis detalles sobre as dúas portas secundarias. Como adoitaba na maioría do románico galego, as portas laterais son moito máis pequenas cá principal. Neste caso, podemos subliñar a extrema estreitura das ditas portas laterais.

O teitume orixinal da zona do coro desaparecera, e por iso danse instrucións concretas: "*el techo de arriba del coro, todo de nuevo con madera, clabaçon de ¿pars? y nodillos y texa, con - forme staba de antes. Dos pontonadas del coro con sus bigas y pontones quadrados y tabla obra de cinta y de tino de moldura conforme a una pontonada que quedo sana*"<sup>10</sup>. No citado artigo de Carlos de Castro Álvarez publicado no nº 2 desta revista<sup>11</sup> inclúese un plano<sup>12</sup>, no que vemos que a igrexa é de triple ábsida e o coro sitúase ós pés da igrexa, sobre a cara interna da fachada princi-

4. RODRÍGUEZ DE ARMESTO, Luis, op. cit, fol. 127v.

5. *Idem*.

6. *Idem*.

7. *Idem*.

8. *Idem*.

9. *Idem*, fol.128r.

10. *Idem*, fol.128r.

11. DE CASTRO, Carlos: "En torno al real Priorato de San Miguel de Breamo y a su iglesia", *Cátedra*, nº 2, pp.119-120.

12. Planta de San Miguel de Breamo segundo *Arquitectura Románica de La Coruña: Faro-Mariña-Eume*, en DE CASTRO, Carlos.

pal. O novo teito é unha armazón de madeira que recobre a cara interna do arranque da bóveda da nave principal, ós pés da igrexa. E, como quedou intacto un fragmento do teito preexistente, mán-dase que todo el siga esa pauta. En canto á *"tabla obra de cinta"*, é a armazón de sección triangular que soporta o tellado a dúas augas que, por suposto, é tamén de nova factura. Lembremos que as bóvedas de pedra estaban practicamente ó descuberto e que había que cubrilas cun teitado a dúas augas, con cintas de madeira recubertas de tellas, para así impermeabilizar as bóvedas. Tan grandes eran os desperfectos que nin sequera quedaba en pé a escaleira que subía cara ó coro, xa que se manda construíla *"de nuevo, con todo lo necesario para ella"*<sup>13</sup>. Desgraciadamente, o contrato non dá detalles sobre a escaleira. Acerca da campá di: *"un Yuxo nuevo para la campana grande. Y otro para el ysqilon con su erraxe(...). Un nicho para poner el ysqilon sobre la cornisa"*<sup>14</sup>. Durante o barroco era habitual en Galicia engadir ás igrexas preexistentes unha campá na fachada principal unhas veces enmarcada por un nicho e outras por unha peineta; sen embargo, neste caso, non se conservan nin a fachada nin o nicho. Incluso, ó referirse a *"la campana grande"* dá a entender que había cando menos outra máis, que tampouco se conserva. Aquí, o *"Yuxo"* é a asa da que está colgada a campá, e o *"ysqilon"* é o badalo que a fai soar. Outra vez o contrato volve sobre o coro, xa que hai que *"mareçar el coro con la madera nueva que se a de poner. Ueinte y quatro anegas de cal para as cintas del texado y blanquear un pedaço de bobeda en el coro. Dos carros de arena"*<sup>15</sup>. *"Mareçar"* quere dicir recubrir a madeira do tellado do coro con area e cal, para preservala da humidade. Por ese motivo branquéase con cal un sector da bóveda. Está claro que o coro, ó ser de madeira, era unha das zonas máis deterioradas da igrexa.

As últimas instrucións do contrato teñen por obxecto o frontispicio da igrexa e manda *"deshacer el frontespicio de la ygleçia en el remate todo el ynpino hasta quatro yladas desde la cornisa abaxo, por aberse de azer de nuevo por star desplomado, y se a de azer con la misma cantaria que tiene"*<sup>16</sup>. Así se completou a intervención na fachada principal, onde lembremos que tamén se fixo de novo a porta. Á vista dos datos que facilita o contrato, o estado da fachada principal era de grave deterioro.

## CONCLUSIÓN

Carlos de Castro di no seu artigo do nº 2 desta revista que: *"a reparación fíxose con celeridade, posto que a Cofradía de San Miguel non se viu na necesidade de interromper as súas actividades. Na visita a S. Miguel de Breamo efectuada en 1668 (...) dise que a igrexa estaba ben reparada (...)"*<sup>17</sup>. Polo tanto, anque os prolegómenos, como dixemos, foron un pouco longos, non sucedeu así coa realización das obras.

13. RODRÍGUEZ ARMESTO, Luis, op. cit., fol.128r.

14. *Idem*.

15. *Idem*.

16. *Idem*.

17. DE CASTRO, Carlos: op. cit.

## APÉNDICE DOCUMENTAL

### CONTRATO DE OBRA ENTRE TOME LEAL Y QUONSORTES CON SEBASTIAN VAZQUEZ

*En la villa de Puente deume, a dies y nueve días del mes de Setiembre de mill y seis -  
cientos y sesenta y un años, ante mi escriuano e testigos parecieron presentes, de  
la una parte, Sebastian Basquez, uecino del coto de Breamo y felegresia de San  
Pedro de Uillar. Y de la otra, el licenciado Tome Gomez Uillanueba, clerigo pres -  
biterio, uicerretor de San Miguel de Breamo y San Pedro de Uillar, perteneciente  
(sic) al priorato de Breamo por nombramiento del licenciado Don Tomas Perez  
Sierra, capellan de Su Lustrisima (sic), el señor arsebispo (sic) de Santiago, y en  
uertud del poder del señor Licenciado Don Diego de Cevallos, del consexo de Su  
majestad el Real de Castilla, Caballero de la horden de Calatrava y Prior del  
dicho priorato de Breamo, por merced que del le auia echo Su Majestad, dios le  
guarde, y el dicho licenciado Gomez Uillanueba, que al presente es desta uilla,  
Tomé Leal, Alonso Leal, gose de la igleçia, maestros de carpenteria (sic) y uecinos  
della, y dixeron que por quanto el dicho licenciado Tome Gomez, como tal uise -  
rretor, auiedo entrado en la posesión de su administracion (sic) y reconocido que  
la iglesia y coro de San Miguel de Breamo estaba mal reparada y caydo y arruy -  
nado y sin puertas, de tal manera que casi no se podia decir misa en ella, ni cele -  
brar los mas oficios deuinios a los feligreses, y por estas y otras causas y otras rui -  
nas que podian sobrebenir, el mayordomo de dicha iglesia y otros uezenos, auia  
acudido delante del juez eclesiastico deste arzobispado de Santiago, para que se  
serbiese mandar reparar dicha iglesia, puertas y coro della, que siendo por el  
dicho juez eclesiastico uisto despacho, su censura y mandamiento, para que por  
uenta de las rentas pertenecientes a dicho priorato le yciese dicho reparo y fabri -  
ca, y que el dicho Sebastian Basquez, como arrendatario que al tiempo (sic) era  
retuviere en si lo questaba (sic) caydo de dicha renta, para que seruiere para la  
obra y la entrega se pasa dicho efeto (sic). Y auidendosele notificado, auia dado  
cierta respuesta, y en uirtud della, dicho juez eclesiastico, mando se tasare dicha  
obra por personas alarifes (sic) de cantaria y carpinteria (sic), para lo qual se  
auia nombrado para dicho efeto al dicho Tome Leal, y a Juan Martinez, cantero,  
vecinos desta dicha uilla, los quales, auiedo uisto y mirado la dicha obra de can -  
taria y carpinteria, debaxo de juramento, auian declarado ser necesario para  
dicha obra, ansi de manos como de materiales, y a toda costa, mill ochocientos y  
cinquenta reales. Y auidendose echo dicha tasación se remetio (sic) a dicho Juez  
eclesiástico, que en uista dello mando despachar mandamyento por que agrabo las  
censuras al dicho Sebastian Bazquez, como tal arrendatario, para que pagase los  
dichos mill ochocientos y cinquenta reales. Y por no aberlo echo le auia despa -*

*chado contra el la de participantes, y estando en ste (sic) estado, sin embargo (sic), de todo ello el dicho uiserretor auia dexado cedulas por ver si auia alguna perso - na que baxase dicha obra en menos cantidad de lo questaba tasado, lo yciere que le ademitiria su postura, y daria quenta dello a dicho juez eclesiastico, y aunque se auia echo notorio a diferentes personas de dicho oficio y arte, no auia parecido ninguno que la pusiese en menos, antes la subian en mas, en daño de la renta de dicho priorato. Y aora todas partes, cada una por lo que le toca, dixeron estar conuenidos y consertados en que los dichos Tome Leal, Alonso Leal y Josefe de la Igleçia (sic), tomaban y tomaron la dicha obra y fabrica della, en si a toda costa por la dicha cantidad de mill y ochocientos y cinquenta reales en que entra la can - taria, carpintaria, texa, clabacion, madera e puertas, y todo lo demas necesario para dicha obra, sin que falte cossa alguna en la mesma conformidad que antes solia star del mismo altor (sic) y tamaño, de tal manera que ajuste con la demas obra questa llebantada con la misma echura y labor. La qual lar(a) deazer en la manera siguiente:*

*Primeramente, la puerta prncipal de dicha igleçia, toda de nuebo con su ferraxe, clabaçon de çpars? y nodillos y texa, conforme staba de antes. Dos pontonadas del coro con sus bigas y pontones quadrados y tabla obra de cinta y de tino de mol - dura, conforma a una pontonada que quedo sana. La escalera que sube para el coro, de nuebo con todo lo necesario para ella. Un Yuso nuevo para la canpana grande. Y otro para el ysquilon con su erraxe. Seis millares de texa para lo que se a deazer de nuevo questa caydo, y para reparar toda la iglesia. Un nicho para poner el ysquilon sobre la cornisa. Marecar el coro con la madera nueba que se a de poner. Ueinte y quatro anegas de cal para las cintas del texado y blanquear un pedaço de boboda (sic) en el coro. Dos carros de arena. Deshacer el fronteespicio de la ygleçia en el remate todo el ympino hasta quatro yladas desde la cornisa arri - ba, por aberse deazer de nuevo por star desplomado, y se a deazer con la misma cantaria que tiene. La qual dicha obra y fabrica, en la manera que ba referido, sin que falte cosa alguna, los dichos Tome Leal, Alonso leal y Jose de la Iglesia, jun - tos de mancomun, a bos de uno y cada uno dellos, por si ynsolidun y por el todo renunciando como dixeron renunciaban las leis de duobus res debende y la auten - tica presente oquita de fidejutoribus, y la dibicion y escurçion de bienes y mas leis de la mancomunidad como en ella se contiene, dixeron se obligaban y obligaron con sus personas y uienes muebles y raices auidos y por aber, deazer y que aran dicha obra como ua referido, y darla echa y compuesto en todo el mes de Enero primero que viene del año de mill y seiscientos y sesenta y dos, a uista de maestros que entiendan de dicha arte, de tal m(a)ne(r)a que si bista lo que uieren o pusie - ren alguna falta o uxeto (sic) en dicha obra o parte della, los sobredichos lo an de remediar y poner seguro. Y el dicho Sebastian Basquez, como arrendatario que a sido de la renta del dicho priorato, y no incurrir en dichas çinçuras (sic) y en la de*

*participantes, dixo se obligaba y obligo con su persona y uienes muebles y raices auidos y por auer de dar y pagar, y que dara y pagara por raçon de dicha obra a los dichos Tome y Alonso Leal y Jose de la Ygleçia los dichos mill ochocientos y cinquenta reales aqui referidos en sta manera, los seiscientos reales dentro de quinze dias de la fecha desto, y otros seiscientos reales para dia de Navidad primero que viene deste presente año, y lo demas restante, que son seiscientos y cinquenta reales, para fin de enero del año que viene de mill y seiscientos y sesenta y dos, luego y como se acabare dicha obra, sin que falte cosa alguna, so pena de execución y costas y mas gastos de la cobranza. Y los dichos Tome y Alonso Leal, Jose de la Ygleçia y Sebastian Basques, cada uno por lo que le toca, se obligaron según dicho es y dieron y otorgaron todo seu poder cumplido en forma a los juezes y justicias seglares de Su Magestad, que dellas pueda conocer conforme a derecho, para que ansi se lo agan cumplir y guardar, como si lo aqui contenido fuese sentencia difinita (sic) de juez competente, pasada en cosa juzgada y renunciaron todas leis en su favor y la general que prohibe la general y renunciacion de leis, fecha nouala. Presente el dicho licenciado Uartolome Gomez de Uillanueba, que dixo que como tal uicerretor azetaba y azeto hesta escritura. Y todas partes ansi la otorgaron ante mi scriuano e testigos y lo firmaron de sus nombres, siendo testigos el alferes Juan de Tiras y Andrade y el licenciado Domingo Salgado Gundin, presbitero, y Juan de Leiro el moso, uezinos desta uilla e yo scriuano doi fee conozco a los otorgantes. Uala enmedado dodize cleri y no uala tachado do dice or.*